



Viaxe Didáctica ao CERN (Genève, Suiza) - 2ª circular

Estimadas familias,

O seu fillo ou filla foi seleccionado para participar na viaxe ao CERN. Parabéns!

O vindeiro **xoves 9 de outubro ás 18:30 horas** teremos unha reunión no instituto. A información máis relevante enviolllela nesta circular. Na reunión estarei a súa disposición para presentarlles esta información e aclarar todas as dúbidas que a estas alturas poidamos aclarar. Poden contactar a través do email: egparada@edu.xunta.gal.

Cómpre facer xa a reserva de vós, pois os prezos van subindo. O primeiro pagamento corresponde aproximadamente ao prezo do vo.

Datas da viaxe: Saída: 11/02/2026 – Regreso: 15/02/2026

Vigo-Aeroporto Sa Carneiro (Porto): autobús

Porto- Genève: vo directo

Equipaxe: Mochila ou maleta de cabina (non facturamos). En canto adquiramos os billetes, comunicaremos as dimensións e o peso, pois depende da compañía.

Documentación:

Tarxeta sanitaria europea

Pasaporte (Olló! non pode caducar nos 6 meses seguintes á viaxe)

DNI

Declaración de permiso de viaxe fóra do estado español para menores ([Policía ou Garda Civil](#))

O profesorado acompañante poderá custodiar algún destes documentos durante a viaxe.

Custo estimado por participante: 550 euros

Pagamento:

1º prazo: 250 eur antes do 20 de outubro de 2025

2º prazo: por determinar, antes de finais de novembro

Transferencia á conta bancaria:

IES Politécnico de Vigo

ES72 2080 0553 5031 1000 0038

Concepto: Viaxe CERN Nome e apelidos do alumno/a

Importante! Entregarme copia do xustificante bancario en papel ou por email a egparada@edu.xunta.gal

Que inclúe:

- Viaxe Vigo-Xenebra-Vigo
- Aloxamento con almorzo
- Taxas turísticas
- Bono para o transporte
- Seguro de viaxe
- Visita ao CERN
- Visita á Cruz Vermella
- Visita a sede das Nacións unidas
- Visita ao Museo de Historia das Ciencias

Cartos: A moeda é o franco suízo (1 EUR = 0,93 CHF agora).

O gasto principal será o xantar e a cea. O día da visita ao CERN xantamos no seu restaurante, non é caro.

Hai supermercados perto do Hostel. Cómpre levar efectivo en francos ou tarxeta. As comisións de troco de euros en Suiza son altas.

Telefonía móbil: Suiza non é da Unión Europea. Non todas as compañías aplican o roaming gratis. Cada un/unha debe informarse das tarifas e asegurarse de activar o roaming.

Programa Provisional da Viaxe:

MÉRCORES, 11 DE FEBREIRO

	SAÍDA DE VIGO CARA O AEROPORTO SÁ CARNEIRO
	SAÍDA DO AVIÓN
	CHEGADA AO AEROPORTO DE GÉNEVE. TRASLADO AO HOTEL
	ACOMODACIÓN NO HOSTEL
	PRIMEIRO CONTACTO COA CIDADE E CEA POR CONTA DE CADA UN/UNHA
	REGRESO AO HOTEL E DESCANSO

XOVES, 12 DE FEBREIRO E VENRES, 13 DE FEBREIRO

	ALMORZO NO HOTEL
	VISITA GUIADA Á ONU DAS (http://visit.un.org/content/visit-other-un-offices)
	VISITA Á CRUZ VERMELLA (http://www.redcrossmuseum.ch/en/)
	VISITA AO MUSEO DE HISTORIA DE LAS CIENCIAS
	VISITA AS RUAS PRINCIPAIS (CIDADE MEDIEVAL)
	CAZA DO TESOURO EN GENÈVE (Grupos de 5 persoas). INCLÚE RECORRIDO POLA PARTE VELLA, XARDINS, RÚAS COMERCIAIS, LAGO LEMAN
	MUSEO DE HISTORIA NATURAL (OPCIÓN)
	VISITA A CAROUGE (OPCIÓN)
	VISITA Á CATEDRAL (https://www.geneve.com/es/atracciones/catedral-saint-pierre) (OPCIÓN)
	SALONS DU PALAIS EYNARD. RECEPCIÓN NA ALCALDÍA DA CIDADE (OPCIÓN)
	...
	XANTAR E CEA POR CONTA DE CADA UN/UNHA
	REGRESO AO HOTEL E DESCANSO

SÁBADO, 14 DE FEBREIRO

	ALMORZO NO HOTEL
	VISITA GUIADA AO CERN (https://visit.cern/)
	COMIDA NO CERN
	VISITA ÁS EXPOSICIÓNS PERMANENTES DO CERN
	CEA POR CONTA DE CADA UN/UNHA
	REGRESO AO HOTEL. DESCANSO

DOMINGO, 15 DE FEBREIRO

	ALMORZO E CHECK OUT NO HOTEL
	ÚLTIMA VOLTA POLA CIDADE (OPCIÓN)
	SAÍDA EN TRANSPORTE PÚBLICO CARA O AEROPORTO DE GENÈVE
	SAÍDA DO AVIÓN A PORTO
	CHEGADA A VIGO E RECOLLIDA POLAS FAMILIAS

Vigo, 4 de outubro de 2025



Asdo. Eduardo García Parada